

Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do parque eólico Toroña, situado nos concellos de Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/149).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante: Lan2030 Toroña, S.L. (NIF: B70611249).

Domicilio social: P.E. de Alvedro, rúa F, nave 11, 15180 Culleredo, A Coruña.

Denominación do proxecto: Parque eólico Toroña.

Concellos afectados: Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal (Pontevedra).

Áreas de desenvolvemento eólico: Toroña I e Toroña II.

Potencia total: 47 MW.

Número de aeroxeradores: 10.

Produción neta prevista: 155,7 GWh/ano.

Prazo de execución: 10 meses.

Orzamento total (execución material): 38.289.018,89 €.

Coordenadas da poligonal de delimitación do parque eólico:

Vértice	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
V1	510.802,00	4.659.281,00
V2	513.869,00	4.659.281,00
V3	517.316,00	4.655.783,00
V4	519.032,00	4.650.636,00
V5	516.780,00	4.642.754,00
V6	514.482,00	4.641.933,00
V7	516.468,00	4.649.901,00
V8	510.802,00	4.654.969,00





Coordenadas dos aeroxeradores:

Aeroxerador	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
T-1	511.111,00	4.658.769,00
T-2	511.723,00	4.658.663,00
T-3	512.655,00	4.658.845,00
T-4	517.481,00	4.651.276,00
T-5	517.982,00	4.650.191,00
T-6	517.456,00	4.649.408,00
T-7	516.801,00	4.648.597,00
T-8	516.941,00	4.648.001,00
T-9	516.422,00	4.647.274,00
T-10	516.362,00	4.646.329,00

Coordenadas da subestación:

	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
Centro	517.116,86	4.654.911,78

Envolvente	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
C	517.143,84	4.654.927,54
D	517.155,75	4.654.928,84
E	517.158,51	4.654.903,49
F	517.077,98	4.654.894,72
G	517.075,82	4.654.914,63

Coordenadas da torre meteorolóxica:

	X UTM (H29 ETRS89)	Y UTM (H29 ETRS89)
T.M.	517.280,00	4.648.965,00

Características técnicas recollidas no proxecto:

– 10 aeroxeradores Gamesa Siemens modelo SG 4.7-155, de 4,7 MW de potencia nominal unitaria, 155 m de diámetro de rotor e 102,5 m de altura de buxa. Cada aeroxerador está equipado cun transformador, instalado no interior da góndola, de potencia nominal 5.500 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV.

– Rede eléctrica subterránea de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora, formada por tres circuitos. O circuito 1 (de 14,1 MW de potencia) conecta os aeroxeradores T-1, T-2 e T-3 coa subestación; o circuito 2 (18,8 MW) os T-4, T-5, T-6 e T-7 e o circuito 3 (14,1 MW) os T-8, T-9 e T-10.

As liñas están constituídas por ternas de condutores unipolares tipo RHZ1 18/30 kV Al de sección 95, 150, 240, 400 e 500 mm² segundo o tramo. Na gabia das liñas colecto-





ras tamén se instalan o cable de terra (un condutor de cobre nu de sección 50 mm²) e os cables de comunicacións.

– Subestación transformadora PE Toroña 30/132 kV, que compartirá emprazamento, no concello de Tomiño, coa futura subestación Barrantes 132 kV de UFD Distribución Electricidad, S.A., mediante a que se abrirá a liña de 132 kV que conecta as subestacións de Gondomar e O Rosal, e coas infraestruturas necesarias para a conexión doutros parques eólicos que se están a desenvolver na zona.

Está proxectada como unha subestación convencional de intemperie, con illamento en aire (AIS), cunha única posición de liña de 132 kV e un transformador 132/30 kV de exterior, de potencia nominal 40/50 MVA, en baño de aceite.

As instalacións de media tensión están situadas nun edificio prefabricado que tamén alberga os dispositivos de mando, protección e medida. Dispón de tres posicións de entrada de liña de 30 kV para recoller os circuitos procedentes do parque eólico, unha posición para a protección do transformador de potencia e unha para a protección do transformador de servizos auxiliares e medida de tensión de barras. Tamén hai un grupo electrógeno de emerxencia, sistemas de corrente continua e outras instalacións auxiliares necesarias para o correcto funcionamento da subestación.

– Torre meteorolóxica de 102,5 m de altura.

– Obra civil consistente na rede viaria de acceso ao parque e aos aeroxeradores, mellorando camiños existentes e construíndo outros novos; cimentacións e plataformas para os aeroxeradores, a torre meteorolóxica e a subestación; gabias para o tendido dos cables soterrados e outras obras auxiliares.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e demais normas de aplicación relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico.

O que se fai público de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para coñecemento xeral, e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas que se consideren prexudicadas nos seus dereitos poidan presentar as súas alegacións no prazo de trinta (30) días, a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución.

Esta documentación estará á disposición das persoas interesadas na Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (avda. M^a Victoria Moreno, 43, 5^o, 36071 Pontevedra), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, con cita previa no número de teléfono 986 80 52 34, así como nas dependencias municipais dos concellos de Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal. Tamén se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a través da seguinte ligazón:





<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

Pontevedra, na data indicada á marxe

O Xefe Territorial

Tomás Nogueiras Nieto

